

1. URXENCIAS- SISTEMAS DE XESTIÓN INTELIXENTE

Desenvolvemento dunha ferramenta con múltiples utilidades para **optimizar a xestión dos servizos de urxencias**:

- Soporte á actividade realizada polos **profesionais** na atención urxente.
- Monitorización integral e trazabilidade de cada **paciente** durante toda a asistencia urxente.
- Mellora e estandarización da **comunicación** entre os profesionais que prestan actividade nestes servizos.
- Redución da variabilidade na **práctica clínica**, tanto intracentro como intercentro.
- Información aos **familiares** sobre a situación particular de cada paciente.
- Información á **organización** sobre o estado xeral dos servizos de urxencias e soporte aos xestores na toma de decisións.
- Realización de **simulacións** a futuro sobre a situación do servizo.

As probas piloto foron realizadas na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.